

Estimadas familias

No cole estreamos a nosa propia radio escolar!! Nela os nenos e nenas falarán de todo o que suceda no cole: as noticias mais relevantes, contarán contos, falarán de música, faremos programas relacionados coas conmemoracións ou co proxecto do cole.... De todo o que se lles ocorra!!

A radio chamarase RADIO DARBO e estará aloxada na plataforma de internet IVOOX.

Para poder escoitar os programas temos dúas maneiras:

- A través do ordenador, para iso tedes que entrar en: <https://www.ivoox.com/> e no buscador poñer DARBO
 - o Aparecerá o logo co “colibriño” e o programa titulado RADIO DARBO e dentro estarán os programas feitos polos nenos e nenas.
 - o Podedes ir directamente á dirección:
https://www.ivoox.com/podcast-radio-darbo_sq_f11812142_1.html

- A segunda maneira é a través do móbil descargando a aplicación IVOOX na play store
 - o Unha vez descargada tedes que rexistrarvos cun usuario e un contrasinal
 - o Cando estedes rexistrados podedes buscar no buscador RADIO DARBO
 - o Cando atopedes o canal podedes darlle a SUSCRIBIR así desta maneira recibiredes unha notificación no móbil cada vez que colguemos un programa.

Na páxina web do cole teredes tamén un acceso directo ao canal.

A idea é que todas as semanas saia, alomenos, un programa semanal.

Esperamos que vos guste e que a disfrutedes!!!